



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2016

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2016

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Setembro 2016


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un aumento do 9,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,5%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 10,0% e os Outros servizos o 6,5%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,2% e en España un 2,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de setembro. Galicia é a terceira comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un crecemento do 9,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 5,2 puntos menos que no mes de agosto. O índice para España amosa un aumento do 4,5% respecto ao mes de setembro de 2015, 1,5 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 10,0% e achega 7,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,5% e achegan 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,0%, 6,0 puntos inferior á taxa galega; os *Outros servizos* aumentan o 5,4%, 1,1 puntos menos que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* en Galicia ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 14,0% e achega 6,8 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento da súa cifra de negocios do 3,3%. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos* rexistra un incremento do 1,3% en Galicia fronte a 12,4% en España.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,5%. A *Hostalería*, cunha taxa do 15,6%, é o sector con maior repercusión no índice xeral, 0,7 puntos; o *Transporte* é o único sector no que diminúe a cifra de negocios, -0,9%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,4%. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, cun aumento do 7,0%, son o sector que máis repercute no índice xeral, seis décimas.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 9,3% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 15,8% achega 7,5 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -1,6%.

En España, nos nove primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta o 4,1%, 5,2 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas de variación acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores que mais repercuten neste crecemento.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 9,0% no mes de setembro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 10,2% e achega 3,9 puntos á taxa de variación do índice xeral e á *Hostalería*, que cun crecemento do 15,2%, achega 3,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.


Nos nove primeiros meses do ano, o índice xeral creceu un 7,6%, sendo o *Comercio*, cun incremento do 10,4% o que máis repercute neste crecemento, 4,5 puntos. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 1,7% e restan 0,2 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 9,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de setembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores aumentos danse en La Rioja (10,3%), Cantabria (9,7%) e Galicia (9,2%). As comunidades con menores incrementos son Andalucía (2,5%) e Asturias (2,9%).

No acumulado do ano, Galicia (9,3%) e Illes Balears (8,1%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecements rexístranse en Castilla y León (1,8%) e Asturias (2,0%).

Índices de cifra de negocios. Setembro 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,2% respecto ao mes de setembro de 2015, 0,3 puntos menos que en España (2,5%).



O persoal ocupado aumenta un 1,8% no *Comercio* e un 2,6% nos *Outros servizos*. A *Hostalería*, cun incremento do 5,7%, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,4%) son os sectores con maior repercusión, 0,9 e 0,7 puntos respectivamente. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector onde diminúe a ocupación, -2,5%.

En España, tamén son as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,7%) e a *Hostalería* (3,2%) as que máis repercuten no crecemento do emprego, 0,7 e 0,6 puntos respectivamente.

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 2,1% fronte ao 2,4% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación nos nove primeiros meses do ano agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, -0,3%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,1%) como en España (4,1%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de setembro. O maior incremento dáse en Illes Balears (4,6%).

País Vasco (0,9%), Asturias (1,2%) e Andalucía (1,3%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Illes Balears (3,8%) e Navarra (3,6%) son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,9%) e Castilla y León e Andalucía (ambas dúas 1,6%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Setembro 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,9	9,2	9,3
Comercio	120,7	10,0	10,9
Venta e reparación de vehículos de motor	93,1	1,3	5,9
Comercio por xunto	138,2	14,0	15,8
Comercio ao retalho	96,7	3,2	1,9
Outros servizos	107,5	6,5	4,7
Transporte	111,1	-0,9	1,9
Hostalería	113,2	15,6	9,8
Información e comunicacións	87,8	7,5	5,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,3	8,6	-1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	142,1	12,5	12,2
España			
Xeral	103,8	4,5	4,1
Comercio	101,3	4,0	3,7
Venta e reparación de vehículos de motor	107,6	12,4	11,9
Comercio por xunto	103,8	3,3	3,1
Comercio ao retalho	94,5	2,6	2,0
Outros servizos	108,4	5,4	4,9
Transporte	112,8	3,4	2,1
Hostalería	125,4	7,3	7,0
Información e comunicacións	98,8	5,9	5,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,5	7,0	7,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,9	4,4	5,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	112,2	9,0	7,6
Comercio	113,0	10,2	10,4
Transporte	115,9	0,2	3,0
Hostalería	114,7	15,2	9,7
Información e comunicacións	86,3	7,9	5,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,2	3,2	-1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,3	9,4	9,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,8	4,5	4,1
Andalucía	97,3	2,5	3,0
Aragón	105,0	4,9	3,0
Asturias	96,7	2,9	2,0
Balears, Illes	146,8	7,8	8,1
Canarias	111,3	8,1	5,5
Cantabria	101,0	9,7	6,1
Castilla y León	100,7	4,2	1,8
Castilla-La Mancha	101,8	8,0	3,9
Cataluña	106,4	3,5	3,3
Comunitat Valenciana	103,7	4,2	4,5
Extremadura	101,3	7,7	5,1
GALICIA	117,9	9,2	9,3
Madrid	99,1	3,6	3,8
Murcia	98,1	3,5	4,9
Navarra	102,2	6,8	4,1
País Vasco	105,1	6,0	4,7
Rioja, La	113,5	10,3	7,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	99,5	2,2	2,1
Comercio	94,9	1,8	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	85,2	0,8	0,2
Comercio por xunto	90,7	2,0	3,3
Comercio ao retalho	99,3	1,8	1,2
Outros servizos	103,4	2,6	2,5
Transporte	98,8	0,5	0,8
Hostalería	100,4	5,7	3,6
Información e comunicacións	87,6	2,5	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,9	-2,5	-0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,8	5,4	5,1
España			
Xeral	102,3	2,5	2,4
Comercio	99,0	2,1	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	92,1	2,0	2,2
Comercio por xunto	100,7	2,4	2,7
Comercio ao retalho	99,2	1,9	1,7
Outros servizos	104,5	2,8	2,6
Transporte	99,1	1,3	1,7
Hostalería	109,5	3,2	3,0
Información e comunicacións	97,9	1,3	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,4	2,0	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,9	4,7	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,3	2,5	2,4
Andalucía	99,5	1,3	1,6
Aragón	100,0	3,4	3,4
Asturias	95,1	1,2	0,9
Balears, Illes	126,8	4,6	3,8
Canarias	104,8	3,4	3,2
Cantabria	104,3	4,3	2,8
Castilla y León	98,5	1,8	1,6
Castilla-La Mancha	100,9	2,1	1,9
Cataluña	106,7	3,0	3,3
Comunitat Valenciana	100,6	2,8	2,5
Extremadura	105,0	3,7	2,2
GALICIA	99,5	2,2	2,1
Madrid	98,9	2,3	1,9
Murcia	105,5	4,3	3,0
Navarra	106,2	4,3	3,6
País Vasco	103,3	0,9	1,9
Rioja, La	107,1	3,4	3,0

Fonte: INE